

TRAXE TRADICIONAL GALEGO



Esta semana por mor da celebración das Letras Galegas, tivemos unha breve charla sobre o traxe galego.

O traxe galego é unha vestimenta tradicional do pobo galego. Aínda que existen diferencias entre o traxe que usaban para traballar do que usaban para as festas, os que usaban no interior dos que usaban na costa hai uns certos patróns que os unifican.

O *liño* e a *lá* eran uns dos tecidos de confección artesanal máis habituais, tamén había, pero con máis escasez *seda*, *brocado* e *veludo*.

Traxe feminino

Compúñase de roupa interior coma a **chambra** ou **camisa** a **enagua** e os **pololos** que se poñían debaixo da **faldra** ou **enauga**, ámbolos dous unicamente das clases podentes. Tamén **saia** e **mandíl** ou **mantelo**. Por riba da camisa podíase poñer un **mantón** cruzado, un **xustillo**, un **corpiño** ou un **dengue**. Nos pés usábase **zapatos** con **medias caladas** os días de festa ou **escarpíns** para andar con zocos ou zocas.

A cabeza ía moitas veces cuberta, ben por panos, **cofias**, **sombreiros**. No caso de non ser así o pelo, sempre longo, ía recollido en trenzas ou nun moño.

Traxe masculino

Como roupa interior o home usaba un calzón curto, sobre o que se puñan unhas **cirolas** que a deixaban ver, xunto cunhas **polainas** que chegaban algo máis abaixo do xeonllo. Co tempo pasaron a usarse **pantalón** ata os nocellos, pero as polainas de coiro eran útiles nas tarefas agrícolas e gandeiras. Á cintura cinguíase unha **faixa** de lá a xeito de abrigo e protección dos cadrís. A faixa ía por riba do pantalón e da camisa, u incluso do chaleco. A **camisa** en si era ampla, adornada nas partes visibles e ciguida no puños e no pescozo. Sobre el púñase un **chaleco** ou unha **chaqueta** curta. A diario os homes ían descalzos, pero tamén usaban **zapatos** se ían de gala, ou **zocas** no caso de ir traballar.

A cabeza cubríase cun pano e sobre el unha **monteira** ou un **pucho**, ou máis recentemente **sombreiros**.

